

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 30 de marzo de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra don _____, en nome e representación da Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrales “AMENCER”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 22 de novembro de dos mil once e número de protocolo 4145.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 20 de xullo de dous mil quince asinouse o Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2.- Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrales “AMENCER” no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. A Asociación de Padres de Paralíticos Cerebrales “AMENCER” acepta en toda a súa extensión, as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o 20 de xullo de dous mil quince entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A dita asociación, comprométese a acoller nas súas instalacións a dous alumnos ou alumnas.

Tercera. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o 20 de xullo de dous mil quince entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento polo que se desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que

por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á exixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

Asdo.: Román Rodríguez González

A Asociación de Padres de Paralíticos Cerebrales “AMENCER”

Asdo.: